

Vigo, 7 de setiembre de 1966.

PA/fr.

Sra. Dña.

VIRXINIA PEREIRA RENDA  
Viuda de CASTELAO  
Ciudad Jardín, 21

La Estrada - Pontevedra

Querida Virxinia:

Contesto a tua carta do 25 de agosto.

Recibina unhos dias despois do meu retorno de Bos Aires. Denantes de partir intentei en Madrid comunicar contigo, mais non te atopei na casa.

Supoño que dos amigos de alenmar terias noticias. Todos foron bos a fartar conmigo. Truxen unha fonda impresión do espírito da colectividade galega.

Sinto ter que decirche que Inmaculada Paz-Andrade, filla da miña prima Adelina, e unha profesora tan rixida, que nin eu, a quen chaman cabezaleiro da familia, teño influencia sobre ela. De todos os xeitos fixen a recomendación por conducto do meu primo Isáodoro, que cecais sexa quen a menexa mellor. Supoño que o exame será despois do 15, aínda que nada me dis en canto a data.

Celebrariamos moito que antes de retornar a Madrid puderamos verte en Vigo. Si arribas a éste porto non deixes de me chamar por telefono ao despacho, pois aínda estaremos en Samil unha tempada. Alí non há telefono.

Pilar enviache moitas lembranzas. Alfonso atópase estudando inglés en Oxford.

Recibe unha cordial aperta do teu incondicional amigo

V. PAZ-ANDRADE